

Moción Urgente do BNG, ICDR E PP

de [Novas Caldas de Reis](#), Venres, 3 de febreiro de 2012 ás 10:33

O PARTIDO POPULAR(PP), OS INDEPENDENTES DE CALDAS(ICDR) E O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO(BNG), representados polos seus concelleiros Jesús Antonio Goldar Güimil, Fernando Pérez Domínguez e Xosé Manuel Abalo Torres, cos DNI [...], respectivamente, ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentan para o seu tratamento no próximo Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o curso pasado, o IES Aquis Celenis está a vivir unha situación moi problemática para acceder ás súas instalacións. Isto vén provocado por sucesivos cambios de actuación por parte da

Alcaldía á hora de regular as entradas e saídas ao mesmo.

Cando se iniciaron as obras da Carballeira, houbo unha comunicación por escrito da alcaldía segundo a cal ao remate das mesmas volveríase á situación previa de acceso ao instituto e prohibiríase o aparcamento na Carballeira.

No comezo do presente curso escolar, unha vez rematadas as obras, determinouse a prohibición total da circulación na Carballeira, non permitindo o acceso do transporte escolar á mesma.

Ante esta situación, o Claustro e o Consello Escolar reuníronse e trasladaron o seu malestar ao representante do Concello no Consello Escolar (Fernando Pérez Domínguez, do partido dos Independentes de Caldas de Reis) e, oídas estas opinións, o dito representante do Concello decidiu presentar unha moción (de acordo co representante do BNG) na que se solicitaba que a partir do 3 de outubro o transporte escolar do alumnado, así como o resto de vehículos pertencentes á comunidade educativa e servizos, puidesen acceder a través da Carballeira.

A dita moción foi aprobada por maioría absoluta co apoio dos concelleiros do PP, BNG e ICdR.

A continuación, apareceron colocados diferentes sinais verticais na entrada á Carballeira, no interior da mesma e na entrada á pista da Mariñoleira desde Segade que contraviñan o acordado no devandito Pleno.

Desde a Dirección e a ANPA do Instituto solicitouse en reiteradas ocasións á Alcaldía que se convocase unha xuntanza cos diferentes grupos políticos do Concello, a Policía Local, as ANPAs e Direccións dos centros afectados para buscar de maneira consensuada una solución aos problemas que se estaban a desenvolver nos accesos. Finalmente, esta reunión tivo lugar o pasado 20 de xaneiro. Na mesma, o Instituto presentou diferentes posibilidades que podían atender as demandas da nosa comunidade educativa sen prexudicar ao resto dos afectados; en ningún momento estas ofertas foron atendidas por parte da Alcaldía.

O IES Aquis Celenis entende perfectamente a necesidade de protexer o alumnado que entra e sae do CPI Alfonso VII, evitando o posible perigo para a súa integridade física. Respecta absolutamente a decisión tomada por este segundo centro para regular o acceso do seu alumnado pero considera que isto non é incompatible co dereito a un acceso digno para a comunidade educativa do instituto.

O IES Aquis Celenis, asume a necesidade de protexer ao máximo posíbel a propia Carballeira, como un valor fundamental para a vila de Caldas de Reis, e entende que se debe restrinxir a súa utilización. Mais, neste momento a utilización da pista da Mariñoleira como vía de acceso ao Centro para os vehículos particulares non se pode

contemplar como alternativa debido ó seu estado. Somos conscientes do compromiso da Alcaldía no sentido de arranxala pero a día de hoxe as obras están sen realizar. Por todo o anterior, propoñen para o seu tratamento no próximo Pleno Ordinario, a seguinte

MOCIÓN

1. Que o Pleno do Concello de Caldas de Reis autorice o acceso ós usuarios do IES Aquis Celenis (nais/pais, alumnado, traballadores/as do centro e servizos) pola Carballeira durante todo o horario escolar agás o período horario que coincida coa entrada e saída do alumnado do CPI Alfonso VII (de 9:00-9:30 e de 14:00-14:30 h.)
2. Que este acordo entre en vigor a partir do vindeiro luns día 30 de xaneiro.
3. Que se comunique por escrito este acordo á Policía Local e ós centros educativos arriba aludidos.
4. Que o equipo de goberno respecte os acordos tomados en Pleno e non adopte medidas unilaterais sen o consenso das partes afectadas.